

O boletín da biblioteca

O que le non está facendo algo, está facéndose alguén...

Revista informativa da biblioteca escolar do C.E.I.P. Rosalía de Castro - Xinzo de Limia

Decembro de 2009 - Boletín nº 2

LIMIA

Parece mentira, pero xa pasou un ano máis... e aquí está este segundo Boletín da Biblioteca, para presentarvos una escolma das actividades que levamos a cabo este curso, así como una selección de libros para toda a familia, ideas orixinais para poder incluír nas vosas cartas aos Reis, Santa Claus, ... ou como una excusa para facer un bo agasallo. Esperamos que o leades con detemento e o disfrutedes igual que nós fixemos elaborándoo.

ESTE ANO FIXEMOS, ...

Continuamos coa tarefa de organización e catalogación dos libros, adquisición de novo mobiliario e actualización de fondos para converter a nosa biblioteca nun verdadeiro centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe.

Levamos a cabo novas actividades para fomentar entre os nosos alumnos e alumnas o seu hábito lector, achegándolles títulos máis atractivos a cada grupo de idades, e preparando a nosa biblioteca con diversos ambientes propios de cada época do ano nas que celebramos as diversas festividades e conmemoracións.



Así, co gallo do Samáin, numerosas bruxas, teas de araña, trasnos, ... poboaron a nosa Charca dos Libros, e convertérona nun lugar sinistro onde os rapaces e rapazas puideron botarlle un ollo a moitos libros, escoitar contos de medo e misterio e ver películas onde todos estes personaxes eran os protagonistas.

Temos que resaltar dun xeito moi especial o labor que os nenos e nenás do terceiro ciclo de Educación Primaria levan a cabo como axudantes na nosa biblioteca. Eles dedican o seu tempo de lecer a coordinar o préstamo dos libros ao resto do seus compañeiros, e prestan unha axuda enorme tanto na realización das actividades como na organización dos distintos títulos que compoñen os nosos fondos bibliográficos. Por todas estas razóns:

AGRADECEMOS MOITÍSIMO A VOSA COLABORACIÓN!!!



LIBROS RECOMENDADOS NADAL 2009

Ola, familias:

Dende a Biblioteca do noso cole queremos dexesarvos unhas felices festas e recordarvos que esta época en que tantos agasallos damos e recibimos é bo que incluíamos entre eles un libro. Esperamos que esta pequena guía vos axude a elixir algúns dos títulos e desexamos que teñades tempo de ler e compartir estas lecturas con toda a familia, en especial cos vosos fillos e fillas.

Educación Infantil

		
<p>"Cocorico" Helga Bansch. OGO Editora. Cocorico vai buscar leña e... Un conto clásico</p>	<p>"A araña máis Intelixente". Zdenko Basic. Baía edicións. Fermoso libro con textos moi curtos e figuras despregables</p>	<p>"A casa das fadas" Baía edicións. É un estoxo con 8 contos. Adaptacións dos mellores contos de fadas. Un libro para ler e xogar</p>

1º ciclo de Educación Primaria

		
<p>"A miña primeira enciclopedia de animais" Baía Edicións. Un libro para mirar e aprender</p>	<p>"Onde viven os monstros". Maurice Sendak Editorial Kalandrac A viaxe fantástica que fai un neno castigado sen cear no seu cuarto enfrentándose aos seus medos. No mes de xaneiro veremos a película.</p>	<p>"O increíble neno devorador de libros". Oliver Jeffers Editorial: Patas de Peixe A Henry encantábanlle os libros, pero non como a ti e a min, non.... a Henry encantáballe COMER libros!!!</p>




2º ciclo de Educación Primaria

		
<p>"Katiekazoo" Editorial Bruño Katiekazoo é unha nena normal e corrente... hasta que se transforma en alguén diferente!</p>	<p>"As marcas dos animais" Baía Edicións. Mergullate no mundo dos animais e descobre 50 magníficas marcas...</p>	<p>"El descubrimiento de América" Chegan as aventuras de Gerónimo Stilton en formato cómic.</p>


3º ciclo de Educación Primaria

		
<p>"Todo o que necesitas saber". Editorial S.M A enciclopedia para mentes curiosas</p>	<p>"Thom" Andrés Meixide Kalandraka BD Thom é un granxeiro do Medio Oeste americano emigrado en Tui...</p>	<p>"Bordiño Recheo" Fina Casalderey Editorial SM Unha historia realista na que Roi nos conta o seu problema ...</p>

Para nós, pais, mestres e titores ...

		
<p>"Cómo regañar, pero bien" Beatrix Palt A autora, pedagoga, reconece a necesidade de regañar e libera de culpabilidade aos pais por esa razón, suxire unhas pautas moi sinxelas para que o regaño sexa efectivo e ao mesmo tempo non dañe ao neno.</p>	<p>Como hacer que tus hijos lean. Analisis y recetas Dolores Rico Oliver Editorial Alfabuara Este libro intenta salvar os escollos que se interpoñen entre os nosos fillos e os libros. Desde a súa experiencia persoal, a autora ofrécenos recursos, fórmulas e suxerencias prácticas e sinxelas.</p>	<p>"Sabor a chocolate" Jose Carlos Carmona Entre dous continentes, partidas de axedrez e notas de violín, Sabor a chocolate é unha sinfonía incompleta de amor e de soños. Una novela tan intensa e adictiva coma o mellor chocolate.</p>

EU CONTO, TI CONTAS, ...




PASATEMPOS

Atopa as quince diferenzas que hai nestas viñetas... Sortell!!



RECOMENDÁMOSCHE QUE VEXAS ESTAS PELIS




ONDE VIVEN OS
MONSTROS

PLANET 51

CUENTO DE
NAVIDAD

COMPLETA ESTE ENCRUCILLADO



ADIVIÑA, ADIVIÑANZA ...

MOITAS ESTRELIÑAS
CAÍDAS DO ALTO
E A MIÑA CASIÑA
VESTIDA DE BRANCO.

."¿Que cousa é cousa...?" Paco Martín
Editorial Galaxia

ATOPAREDES MÁIS EN ...

-  <http://centros.edu.xunta.es/ceiprosaliadecastro>
-  <http://charcalibros.blogspot.com>
-  www.edu.xunta.es/contidos
-  www.sol-e.com
-  www.leerenfamilia.com
-  www.ciberpadres.com

Neste enlace atoparedes unha selección con máis de 250
vídeos educativos que hai no mercado español:

http://ares.cni.ce.mec.es/informes/02/documentos/iv04_0500a.htm

Horizontais

1. Facer unha busca nun libro dicionario, ... para averiguar algo
5. Conxunto de datos de interese dun texto ou doutra fonte
6. Acción de interpretar os signos escritos dun libro, pasando beb
7. Moble onde colocamos os libros
8. Mascota da nosa biblioteca

Verticais

1. Clasificar libros u outras cousas
2. Persoa que colabora na organización da biblioteca
3. Lugar do colexio onde podemos ler, aprender, investigar, ...
4. Conxunto de páxinas que podemos ler

